





■ ÍNDICE

Benvinda do Xerente	3
Coñeza o seu hospital: Presentación do CHUAC	4
Organigrama Xeral:	4
- Poboación de referencia e mapa sanitario da provincia	4
- Misión, visión e valores	6
- Política de Calidade	8
- Plan de Calidade	9
- Liñas estratéxicas, proxectos corporativos e programas	10
- Centros: Mapas de plantas e guía de servizos	12
- Dotación de infraestrutura básica	19
- Recursos humanos globais	21
- Actividade asistencial	21
- Altas por centro	22
- Relación de Servizos Clínicos	22
- Organigrama do CHUAC	25
- Recoñecementos, certificacións e acreditacións	26
Servizos de Interese:	27
- Servizo de Medicina Preventiva	27
- Unidade de Prevención de Riscos Laborais	27
- Biblioteca	28
- Unidade de Calidade	30
- Área de Formación e Docencia	30
- Unidade de Xestión de Medioambiente e Calidade	34
- Seccións Sindicais	34
- Localización de Lencerías	34
- Vestiarios de persoal	35
- Transporte intercentros	35
- Aviso importante: Responsables de garda	36
- Identificación do persoal e uniformidade: normas básicas	36
- Comunicación interna	37
Toma de contacto	37
- Carteira de Servizos de RRHH	37
Condicións sociolaborais básicas:	39
- Normativa básica, quendas de traballo e incapacidade transitoria	39
- Plataforma FIDES	40
Incorporación ao posto de traballo	43





■ BENVIDA DO XERENTE

Estimado empregado/a:

A Dirección dalle a benvida ao Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (CHUAC) sentíndonos partícipes do cambio que supón na súa vida o feito de incorporarse á nosa Institución Sanitaria.

Conscientes da dificultade que entraña manter informados a tódolos traballadores de unha organización tan grande como a nosa e convencidos do que esperamos de vostede, puxemos en marcha varias iniciativas entre as que se encontra este **Manual de Acollida para o persoal de nova incorporación**, que ten a función exclusiva de proporcionarlle a información que creemos máis relevante para unha primeira toma de contacto coa organización, consistente nas instalacións, servizos e directorio para unha primeira orientación.

Convencidos da utilidade que esta nova iniciativa suporá a procura permanente do esforzo en común ben orientado dentro do CHUAC, queremos tamén transmitir a todos a invitación a realizar propostas para a súa mellora.

Francisco José Vilanova Fraga
DIRECTOR XERENTE.

COÑEZA O SEU HOSPITAL

PRESENTACIÓN DO CHUAC: ORGANIGRAMA XERAL

POBOACIÓN DE REFERENCIA E ÁREA SANITARIA

O Complexo Hospitalario Universitario A Coruña é centro de referencia para a área Sanitaria da Coruña e para o Hospital Comarcal Virxe dá Xunqueira de Cee. A súa área de influencia está composta por 36 municipios, o que supón unha poboación de 563.976 habitantes e abarca unha superficie total de 2.754 km².



Área sanitaria: Superficie 2.754 km²



En canto ao ámbito autonómico, o CHUAC é hospital de referencia para especialidades como transplantes, cardiología, cirurxía plástica, lesionados medulares e diálise peritoneal.

Respecto de todo o territorio nacional, o Complexo é centro de referencia en:

- Queimados críticos
- Transplante pulmonar adulto
- Transplante de páncreas
- Ortopedia infantil
- Asistencia integral do neonato con cardiopatía conxénita e do neno con cardiopatía conxénita complexa.
- Cirurxía reparadora complexa de válvula mitral e tricúspide
- Cardiopatías familiares (inclúe miocardiopatía hipertrófica)
- Transplante renal cruzado

A dotación de recursos do CHUAC é de 1.472 camas repartidas en 4 Centros Hospitalarios que constitúen o complexo, 30 quirófanos, 269 Salas de consultas externas ademais de 20 boxes e 112 postos de observación en Urgencias. A súa carteira de servizos cobre case a totalidade de especialidades exceptuando radioterapia oncolóxica.

A actividade asistencial do Hospital é moi intensa. Por exemplo, durante o ano 2010 é dun total de 41.494 persoas hospitalizadas, 648.444 pacientes atendidos en consultas externas, 25.520 intervencións cirúrxicas e 160.829 urxencias atendidas, o que supón unha media de 440 persoas ao día.

O Complexo Hospitalario Universitario A Coruña é a institución que máis emprego xera na cidade, sendo 5.007 o seu número de traballadores e ten un forte arraigamento entre a poboación da área.

■ A NOSA MISIÓN

“O C.H.U.A.C. é unha organización sanitaria pública que, considerando ao paciente como centro da súa actividade, ten como Misión contribuír á mellora da saúde da poboación a través da prestación de servizos de Atención Especializada de máxima calidade, en estreita colaboración con outros ámbitos competenciais.

“Co compromiso de actualizar e integrar os avances científicos, participa activamente en labores de docencia e investigación a través da relación coa Universidade e outras institucións”.

“Ademais, valora especialmente o feito de dispor de excelentes profesionais e das tecnoloxías sanitarias de información e comunicación máis actuais, así como a orientación a unha utilización eficiente dos seus recursos”.

■ A NOSA VISIÓN

“Unha poboación cos mellores estándares de saúde e servizos sanitarios e un referente para os profesionais da saúde”.

■ OS NOSOS VALORES

Son o conxunto de criterios de actuación que condicionan os comportamentos e decisións dos profesionais do hospital e constitúen a filosofía de comportamento da organización:

- Apertura ao cambio: que permite a permanencia e crecemento da organización.
- Continua innovación: implica unha actitude proactiva ante o cambio para a mellora, abarcando aspectos como a formación continua e o desenvolvemento tecnolóxico.
- Valor humano: a capacidade de actuar libremente e tomar decisións sen que estas prexudiquen a outros, unha virtude que debe primar nas persoas.
- Respeto mutuo: respecto persoal e profesional entre as persoas do hospital independentemente da profesión ou as características individuais da persoa; é orgullo compartido de formar parte da Institución.
- Traballo en equipo: ademais da coordinación entre as distintas persoas e procesos do hospital, para potenciar a sinerxía e a forza do equipo humano.
- Sentido de pertenza: compartir o proxecto da Consellería de Sanidade e especialmente do Hospital, implicándonos na súa consecución.
- Orientación ao cliente e participación social: conseguir que o traballo da organización oriéntese a conseguir melloras nos resultados obtidos para os grupos de interese.
- Capacitación profesional das persoas da organización.

POLÍTICA DE CALIDADE

A Dirección do CHUAC, co fin de comunicar o seu compromiso coa calidade expresa que:

- A Dirección considera a **calidade como enfoque estratéxico** na súa xestión e comprométese a implantar o Plan de Calidade 2010.
- O Plan de Calidade é único e integral e está orientado ao paciente, incorporando as súas necesidades e expectativas no marco da prestación de servizos que se ofrece no Servizo Galego de Saúde.
- A Dirección asume o compromiso de mellorar a asistencia en aspectos de: *seguridade, efectividade, eficiencia, adecuación, accesibilidade e continuidade asistencial*, coa **participación** dos cidadáns e dos profesionais.
- O seguimento do Plan de Calidade permite impulsar accións, priorizar a **asignación dos recursos** e implicar aos profesionais na mellora asistencial.
- A Dirección impulsa a **xestión dos procesos**, implicando aos profesionais e aos cidadáns, promovendo os sistemas de información e favorece a mellora monitorizando os aspectos máis relevantes do proceso asistencial.
- A Certificación e/ou Acreditación, e o seguimento do Plan de Calidade 2010, evidencian o compromiso da Dirección co cumprimento da **Norma UNE-EN-ISO 9001:2008** e cos requisitos legais e regulamentarios aplicables no desempeño da prestación da asistencia sanitaria.

Esta Política da Calidade proporciona un marco de referencia para establecer e revisar os obxectivos de calidade fixados anualmente.


PLAN DE CALIDADE

O Plan de Calidade Anual 2009-2010 do CHUAC desenvolveuse de acordo ao Plan de Calidade 2007-2010, que incorpora as liñas do Plan Estratéxico (2004-2007), e contempla a calidade como unha liña primordial para desenvolver a misión do centro.

Ten en conta a regulación da Consellería de Sanidade contida no Decreto 279/2002 sobre organización e órganos de asesoramento no CHUAC, liñas do Plan de Saúde de Galicia 2006-2010 e do Plan Estratéxico do SERGAS, así como o Plan de Calidade do SNS. Integra a Política de Calidade aprobada polo Director Xerente, e proporciona un marco de referencia para establecer, planificar e revisar os obxectivos de calidade, para axuntar esforzos e facilitar a coordinación entre os profesionais do Complexo hospitalario.

Neste momento estamos traballando na elaboración dun novo Plan de Calidade e Seguridade Asistencial no CHUAC, para o período 2011-2015.

MAPA DE PROCESOS



■ LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. Mellora da accesibilidade e continuidade da asistencia.
2. Adecuación e eficiencia da asistencia
3. Seguridade asistencial
4. Efectividade da práctica clínica
5. Promoción da información e participación dos pacientes familiares

PROGRAMAS E PROXECTOS EN MARCHA

Liñas e Programas de Seguridade do Paciente:

- Proxecto Identificación inequívoca de pacientes
- Proxecto Identificación nai-fillo
- Proxecto Seguridade Cirúrxica
- Proxecto Medicación Segura (CIK)
- Programa Hixiene de Mans
- Programa de vigilancia, prevención e control da Infección Nosocomial
- Programa Bacteriemia Zero: UCI, Reanimación e Queimados
- Programas de prevención nos Cuidados: UPP, Caídas, Flebitis
- Programa de Prevención e Tratamento da Dor: EVA en GACELA
- Implantación do SiNASP (Sistema de notificación e aprendizaxe de eventos adversos)



Programas de coordinación da asistencia - Vías Clínicas:

- Vía Clínica do cancro colorrectal
- Vía Clínica do cancro de mama
- Vía Clínica do cancro de pulmón
- Programa de asistencia a Insuficiencia cardíaca
- Programa da asistencia da Dor Torácica en Urgencias
- Programa de asistencia ao Infarto Agudo de Miocardio
- Programas de Transplantes
- Asistencia de referencia en procesos asistenciais acreditados polo Ministerio de Sanidade

Sistemas de Información e aplicativos informáticos:

- IANUS
- GACELA
- Outros



CENTROS

Centro	Dirección	Liñas de autobuses
Hospital A Coruña	As Xubias, Nº 84 15006 A Coruña	12 - 12A - 17 - 20 - 22
Hospital Teresa Herrera	As Xubias, sin número 15006 A Coruña	20 - 22
Hospital Marítimo de Oza	Xubias de Arriba, Nº1 15006 A Coruña	1 - 2A
Hospital Abente y Lago	Sir John Moore, Nº 1 15001 A Coruña	1 - 3 - 5 - 7 - 17
Centro de Especialidades do Ventorrillo	Avda. de Finisterre, Nº 316 15010 A Coruña	6 - 7
Centro de Especialidades de Carballo	Avda. del Ambulatorio, s/n 15100 Carballo.	
Centro de Especialidades de Betanzos	Carretera del Carregal, s/n, 15300 Betanzos.	

Os centros que forman parte do Complexo son, o Hospital A Coruña, que entrou en funcionamento en 1972. O Hospital Teresa Herrera, que inicia o seu funcionamento como tal en 1985. En 1993 entra en funcionamento o Centro de Especialidades do Ventorrillo, e en 1996, o remodelado Hospital Marítimo de Oza. O Hospital Abente y Lago, abre as súas portas en 1998 ao Área de Consultas e no 2001 ao Área de Hospitalización. Forman parte deste Complexo os Centros de Especialidades de Carballo e Betanzos, o Hotel de Pacientes e a Lavandería Industrial.

HOSPITAL A CORUÑA co edificio anexo do HOTEL DE PACIENTES

O **Hospital A Coruña** configúrase como o edificio central do Complexo Hospitalario do mesmo nome e alberga distintas especialidades, tanto médicas como cirúrxicas, todas elas á vangarda da medicina española. Dispón dun total de 871 camas, 16 quirófanos e 59 salas de consultas externas.



O **Hotel de Pacientes** foi inaugurado en xuño do 1.993. Está destinado a todas aquelas persoas que non requiren dunha cama de hospitalización de alta tecnoloxía, pero que con todo necesitan estar cerca do Hospital, ben para seguir un proceso rehabilitador, un tratamento ou pola realización de probas diagnósticas.

Distribución de dependencias no Hotel de Pacientes:

Planta Soto: Dirección de Xestión, Servizo de Xestión Económica, Servizo de Control de Xestión e Auditoría Interna.

Planta Semisoto: Unidade de Facturación, Servizo de Compras e Suministros, Servizo de Inversións e Contratacións, Reprografía.

Planta Baixa: Xerencia, Staff de Xerencia, Biblioteca, Área Docencia, Recepción Hotel de Pacientes.

Planta Primeira: Hotel de Pacientes.

Planta Segunda: Hotel de Pacientes.

Planta Terceira: Unidade de Prevención Riscos Laborais, Habitacións de Médicos de Garda.

Planta Cuarta: Oficinas Sindicais, Xunta de Persoal.

Planta Quinta: Servizo de Medicina Preventiva/Saúde Laboral

Planta Sexta: Subdirección de Servizos Xerais, Gabinete de Comunicación, Despachos Servizos Subdirección Servizos Xerais, Orden Interno e Seguridade, Oficina Técnica de Arquitectura, Oficina de Medio Ambiente.

Planta Sétima: Unidade de Epidemioloxía e Bioestadística, Formación de Enfermería, Unidade de Calidade, Habitacións de Médicos de Garda.

MAPA DE PLANTAS DO HOSPITAL A CORUÑA

BLOQUE SUR		BLOQUE NORTE
Medicina Interna Infecciosos Uroloxía	Planta 11	Neumoloxía Hematoloxía/Oncoloxía
Cirurxía General A Cirurxía General B	Planta 10	Dixectivo Cirurxía General C
Medicina Interna C Medicina Interna A	Planta 9	Medicina Interna E Medicina Interna B
Cirurxía Cardíaca	Planta 8	Cirurxía Vascular/Endocrinoloxía Cardioloxía
Neurocirurxía Traumatoloxía	Planta 7	Neuroloxía Traumatoloxía
Unidade de Queimados Nefroloxía Cirurxía Plástica/ Reumatoloxía	Planta 6	Unidad de Curta Estadía Médica Cirurxía Torácica Quirófanos UCI
Unidade de Lesionados Medulares Gimnasio Unidade Lesionados Medulares Probas Funcionais Respiratorias Unidade de Broncoscopia	Planta 5	Hostelería Diálisis UCI Reanimación Quirófanos
Consultas externas Servizo de Informática Cafetería Salón de Actos Atención ao Paciente Traballo Social	Planta 4	Admisión Urxencias Admisión Urxencias Quirófanos Oficina de coordinación de trasplantes Anestesia Unidade de transfusión Unidad de probas de imaxen e función cardíaca
Consultas externas Laboratorio Urxencias Microbioloxía Capella Anatomía Patolóxica Hemodinámica Electrofisioloxía Reanimación	Planta 3	
Consultas externas Endoscopias Arquivo	Planta 2	Consultas externas Unidade de Preingreso Radiodiagnóstico Neuroradioloxía Radioloxía vascular
Mantemento Electromedicina Farmacia	Planta 1	Resonancia magnética nuclear Lencería
Dirección Médica Dirección de Enfermería Dirección de Recursos Humanos Persoal	Planta 0	Hospital de Día Consultas Externas Cafetería
Anatomía Patolóxica	Planta Soto	Vestuarios

HOSPITAL TERESA HERRERA co edificio anexo do Laboratorio de Investigación, Quirófano Experimental e o Centro Tecnolóxico de Formación

O Hospital Teresa Herrera é o centro neurálxico da atención especializada en Pediatría e Xinecología, contando coa primeira Unidade de Cirurxía Cardíaca Infantil da Comunidade Galega.



Dispón dun total de 302 camas, 7 quirófanos e 72 salas de consultas externas.

MAPA DE PLANTAS DO HOSPITAL TERESA HERRERA

BLOQUE NORTE		BLOQUE SUR
Biblioteca Salón de actos Salas de tratamento de atención temprana e estimulación precoz	Planta 6	Escola
Alto risco Cirurxía Maxilofacial	Planta 5	Otorrinolaringoloxía (ORL)
Xinecología Puerperio Norte	Planta 4	Oftalmoloxía Puerperio Sur
Cirurxía Pediátrica Pediatría	Planta 3	Lactantes Preescolares
Cirurxía Cardíaca Infantil Partos	Planta 2	Neonatoloxía Unidade de Coidados Intensivos Pediátricos (UCIP) Quirófanos
Análise Clínicas Microbioloxía Hematoloxía Laboratorio	Planta 1	Dirección Médica Dirección de Enfermería Fundación
Cafetería Consultas Externas Traballo Social	Planta 0	Hospital de día oncoloxía Radioloxía
Criobioloxía Urxencias Cirurxía maxilofacial Rehabilitación infantil	PlantaSoto	Admisión Litotricia Oftalmoloxía Farmacia
Edificio Anexo		
Cirurxía Experimental	Planta 2	Centro Tecnolóxico de Formación
Investigación	Planta 1	
Mantemento	Planta 0	

HOSPITAL MARÍTIMO DE OZA cos edificios anexos do Hospital de Día psiquiátrico e o Instituto de Ciencias da Saúde

O **Hospital Marítimo de Oza** está situado nunha incomparable paraxe, asomándose ao mar. Nel atópase a sede dos servizos de Coidados Continuos, Coidados Paliativos, Rehabilitación e Saúde Mental da Área Sanitaria da Coruña.



Este centro dispón de 156 camas e 9 salas de consultas externas.

MAPA DE PLANTAS DO HOSPITAL MARÍTIMO DE OZA

BLOQUE ESTE		BLOQUE OESTE
Coidados Continuos	Planta 2	Coidados Paliativos
Psiquiatría	Planta 1	Rehabilitación Traballadores Sociais
Admisión	Planta 0	Información Consultas Externas Citas Fisioterapia
Dirección Médica Hospitalización a Domicilio	Soto	Capela Cafetería Cociña Mantemento
	Pabellón 5	
Instituto de Ciencias da Saúde	Planta 0	
	Pabellón 6	
Hospital de Día de Psiquiatría	Planta 0	
	Escola de Enfermería	
Dirección	Planta 0	

HOSPITAL ABENTE Y LAGO

O **Hospital Abente y Lago** está situado en pleno casco histórico da cidade. Este antigo hospital militar alberga servizos de consultas externas, de cirurxía sen ingreso e de curta estadia.

Dispón de 116 camas, 7 quirófanos e 57 salas de consultas externas



MAPA DE PLANTAS DO HOSPITAL ABENTE Y LAGO

CONSULTAS EXTERNAS		HOSPITAL
Dixectivo Saúde mental Cirurxía xeral	Planta 5	
Cirurxía maxilofacial	Planta 4	Unidade de hospitalización de Medicina Interna D
Neumoloxía Dermatoloxía	Planta 3	Unidade de hospitalización de Medicina Interna D
Unidade de cirurxía sen ingreso (UCSI) Hospital de día - Espertar Probos funcionais de dixectivo Probos funcionais de cardioloxía Consultas externas de anestesia e UCSI	Planta 2	Unidade de Hospitalización Cirúrxica Quirófanos Reanimación
Cardioloxía Medicina Interna	Planta 1	Unidade preoperatorio Unidade de Hospitalización Cirurxía de Curta Estadia Área de dirección Consultas externas de cirurxía Dirección médica Dirección de enfermería Radiodiagnóstico Farmacia
Oficina de atención ao paciente Dermatoloxía	Planta 0	Información Admisión Cafetería Hostelería Mantemento Orden Interno Esterilización

CENTRO DE ESPECIALIDADES O VENTORRILLO

O Centro de Especialidades do Ventorrillo comparte co Hospital Abente e Lago a Área de Consultas Ambulatorias. Está situado nas proximidades dunha das zonas industriais da Coruña e conta cun total de 50 salas de consulta.



Servizos ofertados no centro de especialidades do Ventorrillo

- Centro Orientación familiar
- Cirurxía Vascular
- Endocrinoloxía
- Xinecoloxía
- Nefroloxía
- Neuroloxía
- Obstetricia
- Oftalmoloxía
- Otorrinolaringoloxía
- Radioloxía
- Rehabilitación
- Reumatoloxía
- Traumatoloxía
- Unidade de saúde mental
- Uroloxía

CENTROS DE ESPECIALIDADES DE BETANZOS E CARBALLO

Servizos ofertados nos centro de especialidades de Betanzos e Carballo

- Xinecoloxía
- Obstetricia
- Radioloxía
- Reumatoloxía
- Traumatoloxía
- Unidade de saúde mental (Betanzos)
- Cirurxía xeral



- Obstetricia
- Oftalmoloxía
- Radioloxía
- Reumatoloxía
- Traumatoloxía



■ DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURA BÁSICA (ANO 2010)

Area de Hospitalización

Camas instaladas (promedio anual)	1.445
Camas funcionantes (promedio anual)	1.437

Área de Hospitais de Día

Postos Hospital de día medico-cirurxico	30
Postos de dialise	23
Postos Hospital de Día oncohematolóxico	23
Postos Hospital de Día pediátrico	6
Postos Hospital de Día xinecolóxico	11
Postos Hospital de Día psiquiatrico	25
Postos Hospital de Día dermatolóxico	1

Área de Urgencias

Camas de observación	133
Clínicas	22

Área de Cirurxia

Quirófanos de programacion	27
Quirófanos especificos de urgencias	3
Salas especiais cirúrxicas	4
Camas de despertar	36
Postos de readaptacion ao medio	12

Área de Consultas

Locais de consulta externa

258

Área de Obstetricia

Paritorios

3

Salas de dilatación

8

Tecnoloxías diagnósticas – terapéuticas

• RM	2
• Anxiógrafos	3
• TC	4
• Telemandos	4
• RX convencional	17
• Ecógrafos	14
• Portátiles Rx	11
• Ortopantomógrafos	2
• Mamógrafos	2
• Salas de hemodinámica	3
• Salas de electrofisioloxía	1
• Salas de radioloxía intervencionista	3
• Salas de endoscopia dixestiva	6
• Salas de litotricia	1

■ RECURSOS HUMANOS GLOBAIS (ANO 2010)

• Persoal directivo:	17 (0,3%)
• Persoal facultativo (sen MIR):	793 (15,8%)
• Residentes:	264 (5,3%)
• Persoal sanitario non facultativo:	2.440 (48,7%)
• Persoal non sanitario:	1.115 (22,3%)
• Persoal funcionario:	2 (0,0%)
• Persoal laboral:	2 (0,0%)
• Persoal convenio Universidade:	20 (0,4%)
• Persoal de empresas concertadas:	354 7,1%)

TOTAL: 5.007

■ ACTIVIDADE ASISTENCIAL

• Hospitalización	
Ingresos urxentes:	29.533
Ingresos programados:	11.961
• Ingresos totais:	41.494
• Urxencias	
Urxencias atendidas	160.829
Urxencias ingresadas	27.582
• Cirurxía	
Intervencións totais	25.520
• Consultas externas	

Total consultas externas 648.444

■ ALTAS POR CENTRO

• Hospital A Coruña	23.624
• Hospital Teresa Herrera	12.599
• Hospital Teresa Herrera	
• (sen obstetricia)	8.258
• Hospital de Oza	1.261
• Hospital Abente y Lago	3.505

Total CHUAC 40.989

■ RELACIÓN DE SERVICIOS CLÍNICOS

- Alerxia
- Anatomía Patolóxica
- Anestesia e Reanimación
- Anxioloxía e Cirurxía Vascular
- Aparato Dixestivo
- Cardioloxía
- Cardioloxía Infantil
- Cirurxía Cardíaca
- Cirurxía Cardíaca Infantil
- Cirurxía Xeral
- Cirurxía Máxilofacial
- Cirurxía Pediátrica
- Cirurxía Plástica
- Cirurxía Plástica infantil
- Cirurxía Torácica
- Curta Estadía Medica (UCEM)
- Criobioloxía
- Coidados Continuos e Paliativos

- Coidados Intensivos
- Coidados Intensivos Neonatolóxicos
- Coidados Intensivos Pediátricos
- Dermatoloxía
- Endocrinoloxía
- Enfermidades Infecciosas
- Farmacia
- Xinecoloxía
- Hematoloxía e Hemoterapia
- Hospitalización a Domicilio
- Laboratorio de Análise
- Laboratorio de Área
- Laboratorio de Atención Continuada
- Laboratorio de Xenética
- Laboratorio de Hepatoloxía
- Laboratorio de Microbioloxía
- Lesionados Medulares
- Medicina Interna
- Medicina Preventiva e Saúde Pública
- Nefroloxía
- Neumoloxía
- Neurocirurxía
- Neurofisioloxía
- Neuroloxía
- Neuroradioloxía
- Nutrición
- Obstetricia
- Oftalmoloxía
- Oncoloxía
- Otorrinolaringoloxía
- Otorrinolaringoloxía
- Infantil
- Pediatría
- Psiquiatría
- Queimados
- Radiodiagnóstico
- Radioloxía Vascular
- Rehabilitación
- Rehabilitación infantil
- Reumatoloxía
- Transfusións
- Traumatoloxía
- Traumatoloxía infantil
- Urxencias
- Uroloxía



Xerencia	Dirección asistencial
	Dirección de xestión económica e servizos xerais
	Dirección de recursos humanos e relacións laborais

DIRECTOR XERENTE
D. Alfredo García Iglesias

D. Alfredo García Iglesias

**DIRECTORA DE
ENFERMERÍA**
Dña. Carmen Amado Aller

SUBDIRECTORA DE
ENFERMERÍA DE
HOSPITALIZACIÓN
HOSPITAL A CORUÑA E
ABENTE Y LAGO

Una. Nieves Rodriguez
Sánchez

SUBDIRECTORA DE
ENFERMERÍA DE
HOSPITALIZACIÓN
HOSPITAL TERESA
HERPÉREZ E OZA

Dna. Ma^a José Sánchez
Mesías

ENFERMERÍA DE
RECURSOS HUMANOS
Dña. Dolores Eiriz Barbeito
COORDINADOR DE

DIRECTOR DE
RECURSOS HUMANOS
E RELACIONES
LABORAIS

Vacante
SUBDIRECTOR DE
RECURSOS HUMANOS

**RELACIONES
LABORAIS**
D. Antonio José
Fernández Rodríguez

D. Javier García Embudo

STAFF XERENCIA
SUBDIRECTOR
DE SISTEMAS DE
INFORMACIÓN
D. Guillermo Vázquez
García

**DIRECTOR DE
RECURSOS HUMANOS
E RELACIONES
LABORAIS**
Vacante

**SUBDIRECTOR DE
RECURSOS HUMANOS
E RELACIONES
LABORAIS**
D. Antonio José
Fernández Paniaqua

**DIRECTOR DE XESTIÓN
ECONÓMICA E
SERVIZOS XERAIS**
D. Alberto Baz López

**SUBDIRECTORA DE
XESTIÓN ECONÓMICA**
Dña. Marina Pereira Mota

**SUBDIRECTOR DE
SERVIZOS XERAIS E
LOXÍSTICA**
D. Javier García Embudo

DIRECTORA DE ENFERMERÍA
Dña. Carmen Amado Aller

SUBDIRECTORA DE ENFERMERÍA DE HOSPITALIZACIÓN
HOSPITAL A CORUÑA E ABENTE Y LAGO
Dña. Nieves Rodríguez Sánchez

D. Javier García Embudo

SUBDIRECTORA DE
ENFERMERIA DE
HOSPITALIZACIÓN
HOSPITAL TERESA
HERRERA E OZA
Dna. M^a José Sánchez
Mesías

**SUBDIRECTORA DE
ENFERMERÍA DE
RECURSOS HUMANOS**
Dña. Dolores Eiriz Barbeito


**SUBDIRECTOR DE
ENFERMERÍA DE
SERVICIOS CENTRAIS**
D. Germán Martín Vilchez

RECOÑECEMENTOS, ACREDITACIÓNS E SERVIZOS DE REFERENCIA

O noso centro ten un alto grao de recoñecementos e acreditacións tales como:

Facturación a terceiros	UNE-EN-ISO 9001:2008
Acreditación como Centro Docente: Formación Sanitaria especializada (MIR, FIR, BIR, QIR,...y de Enfermería: Salud Mental, Matronas)	Acreditación polo Ministerio de Sanidade
Laboratorio de Atención Continuada	UNE-EN-ISO 9001:2008
Farmacia	UNE-EN-ISO 9001:2008
Unidade de Lesionados Medulares	UNE-EN-ISO 9001:2008
Traumatoloxía Infantil: parálise cerebral, espiña bífida, displasias óseas (enanismo, fragilidade ósea e rigidez das articulacións), e as grandes diferenzas de lonxitude nas extremidades, xa sexa por causa conxénita, infeccións, por un trauma, tumores...	Acreditación como Centro de Referencia Nacional (CSUR), polo Ministerio de Sanidade
Queimados críticos	Acreditación como Centro de Referencia Nacional (CSUR), polo Ministerio de Sanidade
Cirurxía Cardíaca: - Reparación Válvula Mitral - Reparación Válvula Tricúspide	Acreditación como Centro de Referencia Nacional (CSUR), polo Ministerio de Sanidade
Cirurxía Cardíaca Infantil: cirurxía de cardiopatías conxénitas	Acreditación como Centro de Referencia Nacional (CSUR), polo Ministerio de Sanidade
Cardioloxía: cardiopatías familiares	Acreditación como Centro de Referencia Nacional (CSUR), polo Ministerio de Sanidade
Transplantes: - Pulmonar adulto - Páncreas - Renal cruzado	Acreditación como Centro de Referencia Nacional (CSUR), polo Ministerio de Sanidade

ACREDITACIÓNS POLA ORGANIZACIÓN NACIONAL DE TRANSPLANTES		
BANCOS	EXTRACCIÓN/IMPLANTE	EXTRACCIÓN
Pericárdico Vascular Válvulas Cardíacas Tecido Osteotendinoso Mioblastos Autólogos Membrana Amniótica Tecido Ocular Proxenitores Hematopoyéticos Pel	Vascular Válvulas Cardíacas Tecido Osteotendinoso Mioblastos Autólogos Membrana Amniótica Tecido Ocular Proxenitores Hematopoyéticos Pel	Cordón Umbilical 



SERVIZOS DE INTERESE

MEDICINA PREVENTIVA E SAÚDE PÚBLICA

O devandito Servizo está situado na 5ª Planta do Hotel de Pacientes. Ten como unha das súas misións fundamentais a vixilancia da saúde dos profesionais. Existen consultas nos diferentes centros que a continuación se detallan:

CENTRO	TELÉFONO
Hospital A Coruña Edificio Hotel de Pacientes, planta 5ª	295520
Hospital Teresa Herrera, planta 5ª	292516

UNIDADE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (UPRL)

Dentro das liñas estratéxicas de actuación do Servizo Galego de Saúde, ocupa un lugar destacado o compromiso de procurar aos seus traballadores un axeitado nivel de protección fronte aos riscos laborais.

Co obxecto de promover a mellora das condicións de traballo de todos os traballadores e de dar cumprimento á Lei 31/95 de Prevención de Riscos Laborais, o Servizo Galego de Saúde constituíu un Servizo de Prevención de Riscos Laborais (PRL) propio, composto por diferentes Unidades situadas en todas as Áreas sanitarias.

A Unidade Periférica de PRL da Área Sanitaria da Coruña, ten como ámbito de actuación as Xerencias de Atención Especializada e Atención Primaria. Está integrada no Servizo de Medicina Preventiva do CHUAC e situada na 3ª planta do Hotel de Pacientes.

A Unidade está composta por: tres técnicos especialistas nas materias de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada, un médico e un diplomado en enfermaría de empresa que cobren a área de Medicina do Traballo. As súas principais funcións son: realizar avaliacións de riscos laborais, informar e formar en materia de prevención de riscos laborais e a vixilancia e control da súa saúde dos traballadores.

BIBLIOTECA

A Biblioteca constitúe un servizo de información e documentación especializado en Ciencias da Saúde, destinado a facilitar ao persoal da institución un conxunto actualizado de fondos documentais que permiten desempeñar coa mellor calidade as funcións asistenciais, docentes e investigadoras do Complexo Hospitalario.

A biblioteca está distribuída en dous dos edificios que conforman o complexo:

BIBLIOTECA CENTRAL DO CHUAC		BIBLIOTECA DO HOSPITAL MATERNO-INFANTIL TERESA HERRERA	
Localización	Planta baixa do edificio do hotel de pacientes	Localización	Planta 6ª do edificio do centro
Horario	Luns a venres de 8 a 20:30* (horarios reducidos no verán e vacacións). Sábado de 9 a 14	Horario	Luns a venres de 8 a 15
Teléfono	981178017 ou extensión 295019	Teléfono	292620
Correo-e	Biblioteca.chuac@sergas.es	Correo-e	Biblioteca.teresa.herrera@sergas.es

SERVIZOS DA BIBLIOTECA:

- Préstamo de libros a domicilio: estableceuse o límite de 3 libros por usuario e un prazo de préstamo de 7 días, que poden ser prorrogables no caso de que o documento non sexa solicitado por outro usuario.
- Procuras bibliográficas: Os usuarios poden solicitar a localización bibliográfica do seu interese nas bases de datos dispoñibles na biblioteca ou a través de Internet.
- Formación de usuarios: Durante todo o ano poden realizarse cursos de formación para o manexo das bases de datos dispoñibles na rede da biblioteca, recursos sanitarios en Internet, escritura científica, etc.
- Solicitud de artigos non dispoñibles en BiblioSaúde (biblioteca virtual do SERGAS).
- Computadores con conexión a Internet e sistema WI FI.

Para acceder a todos estes recursos pode consultar a intranet da Biblioteca do Complexo, ou a través de BiblioSaúde, Biblioteca Virtual do Sistema Sanitario Público de Galicia, <http://bibliosaude.sergas.es>

■ UNIDADE DE CALIDADE

A Unidade de Calidade atópase situada na planta 7ª do Edificio Hotel de Pacientes. Presta apoio metodolóxico e coordina as liñas de acción e Programas de Calidade e Seguridade do CHUAC.

Traballa en colaboración con todos os servizos, asistenciais e non asistenciais, para incorporar a mellora da calidade na asistencia aos pacientes.

Dispón dun representante da área médica (especialista en Medicina Preventiva) e dun representante da área de enfermería (supervisora de área de calidade).

As guías asistenciais e os protocolos de procedementos do Hospital, tanto os de carácter xeral como os das diferentes Unidades, son de obrigado cumprimento, e atópanse a disposición de todos os traballadores na Intranet e nos controis de enfermería.

A Seguridade do Paciente e da súa familia e a satisfacción das súas necesidades son prioritarias no noso centro.

Todos os traballadores do CHUAC deben coñecer e repetar os dereitos dos pacientes.

■ ÁREA DE FORMACIÓN E DOCENCIA

A Área de Formación e Docencia do CHUAC, ten como misión coordinar, potenciar e optimizar a formación e a docencia de todos os profesionais do CHUAC.

A continuación presentamos a súa organización actual.

DIRECCIÓN DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN CLÍNICA				
Director de Organización e Xestión Clínica: José Manuel Vázquez Rodríguez				Ubicación/ Teléfono
Formación e Docencia en Enfermería	Dirección de Enfermería Directora de Enfermería: Carmen Amado Aller		Supervisora de Área: Berta García Fraguela	7ª Planta Hotel de Pacientes. 981178230 Ext.: 295712
			Coordinadora Técnicos Superiores: Irene Cernadas Arcas	7ª Planta Hotel de Pacientes. 981178000. Ext.: 295703
			Coordinadora Técnicos Medios: Isidra Domínguez Guillén	7ª Planta, Hotel de Pacientes. 981178000. Ext.: 291090
Formación e Docencia na Área Médica	MIR, FIR, PIR, QIR	Xefe de estudos: Francisco Javier de Toro Santos	Administración: José Ángel Calvo García	Planta Baixa, Hotel de Pacientes. Ext.295034
	Pregrao	Coordinador medicina USC: Carlos Vázquez Barro	Administración: Patrocinio Páez Álvarez y José Ángel Calvo García	Planta Baixa, Hotel de Pacientes. Ext.: 295059 y 295034
		Coordinador: Carlos González Guitián		
	Postgrao	Coordinador: Carlos González Guitián		
	Formación continuada	Dependente de cada servizo		
Formación Continuada FEGAS	Xefe de Servizo de Biblioteca: Carlos González Guitián		Delegada FEGAS: Patrocinio Páez Álvarez	Planta Baixa, Hotel de Pacientes. Ext.: 295059
Persoal non sanitario		Subdirección de SSXX: Javier García Embudo		6ª Planta, Hotel de Pacientes. Ext.: 295614

1. FORMACIÓN CONTINUADA

1.1 Persoal sanitario do CHUAC

- Cursos. Talleres.
- Visitas a Centros externos.
- Xornadas/Congresos: difusión científica, financiamento.

1.1.1 Persoal sanitario listas de contratación e promoción interna. Rotatorios.

1.2 Persoal non sanitario.

- Cursos. Talleres.
- Visitas a Centros externos.
- Xornadas/Congresos.

1.3 Persoal non sanitario listas de contratación.

1.4 Estadías Formativas dirixidas ao profesorado de Ciclos Medio e Superior de Formación Profesional: Laboratorio. Microbioloxía.

2. DOCENCIA

2.1 Formación en Centros de Traballo (FCT). Módulo Práctico de alumnos:

2.1.1 Ciclos sanitarios. Rotatorios, seguimento e avaliación de: Ciclo Medio de Formación Profesional (Técnico auxiliar en coidados de enfermaría), Ciclos Superiores de Formación Profesional (Técnico Especialista de Laboratorio, Técnico Especialista de Radiodiagnóstico, Técnico Especialista de Anatomía Patolóxica), Dietética e Nutrición.

2.1.2 Ciclos non sanitarios. Rotatorios, seguimento y avaliación de: Ciclo Medio de Formación Profesional. Módulos para os Técnicos (Administración de Sistemas Informáticos, Cociña e gastronomía, Desenvolvemento de aplicacións informáticas, Documentación clínica, Equipos e instalacións electrotécnicas, Secretariado), Ciclo Superior de Formación Profesional: Relacións Laborais.

2.2 Formación Universitaria:

- Formación especializada (Médico Interno Residente, Farmacéutico Interno Residente, Biólogo Interno Residente, Psicólogo Interno Residente, Químico Interno Residente, Matronas): rotatorios, seguimiento, rotacións externas.
- Formación pregrao (Medicina, Xornalismo, Comunicación Audiovisual, Relacións Públicas, Publicidade, Mercadotecnia, Enfermería, Archivística e Xestión de Documentos)
- Formación postgrao: Prácticas Master, Doctorado, Master, Curso Superior Experto, Universidad da Coruña ou Convenios con outras Universidades.

2.3 Visitas de Centros de Formación Profesional: Planificación.

2.4 Prácticas Tuteladas. Planificación.

■ UNIDADE DE XESTIÓN DE MEDIOAMBIENTE E CALIDADE

As actividades desenvolvidas no CHUAC, sexan ou non sanitarias, xeran unha serie de impactos sobre o ambiente que é necesario xestionar para minimizar no posible o dano que puidesen producir non só sobre o medio natural senón tamén sobre a seguridade dos pacientes e os seus acompañantes, os propios traballadores e a saúde pública.

Ademais, esta xestión ha de realizarse dela xeito mais eficiente posible para que o consumo de recursos sexa mínimo.

Para iso o CHUAC conta cunha Unidade de Xestión de Medioambiente e Calidade, que depende da Dirección de Xestión e Servizos Xerais, coa que se pode pór en contacto ante calquera dúbida no teléfono 981178000, extensión 295614 ou na dirección de correo-e:



CHUACMedioambiente@sergas.es

Na Intranet do CHUAC, no enlace XESTIÓN AMBIENTAL, pódense consultar os principais documentos de xestión ambiental, como o Plan de Xestión de Residuos do CUAC, aprobado pola Dirección Xeral de Saúde Pública do SERGAS.

■ SECCIÓN SINDICAIS

Existe representación sindical no CHUAC de todos aqueles sindicatos que se detallan a continuación

A súa situación física é no edificio do Hotel de Pacientes, planta cuarta

SECCIÓN	TELÉFONO
CCOO	295401
CEMSATSE	Non disponible
CIGA	295405
CSIF	295318
OMEGA	295410
SAE	295403
SATSE	295402
UGT	295404

■ LOCALIZACIÓN DE LENCERÍAS

No servizo de lencería faranlle entrega do vestuario de traballo na ubicación que lle detallamos a continuación:

Hospital A Coruña, planta 1ª, horario de 8 a 15 h., de luns a venres.

Para a entrega do uniforme deberán presentar copia do nomeamento. Unha vez finalizada a prestación de servizos hai que proceder á súa devolución no mesmo lugar de recollida



■ VESTIARIOS DE PERSOAL

En todos os centros hai vestiarios de persoal masculino e feminino. É preciso porse en contacto co xefe de persoal subalterno de cada centro para solicitar taquilla.

No caso de finalizar a prestación de servizos ou cambiar de destino a outro centro do Complexo, deberá proceder á devolución da taquilla.


■ TRANSPORTE INTERCENTROS

Existe un servizo de transporte interhospitalario que conecta os 4 hospitais que integran o noso Complexo. Este servizo é de uso exclusivo para o persoal do Complexo. Tamén se utiliza para o transporte de material diverso.

ruta: H. A Coruña - H. Teresa Herrera - H. Abente y Lago. Frecuencia cada hora



ruta: H. A Coruña - H. Teresa Herrera. Frecuencia cada 15 minutos



ruta: H. A Coruña - H. Marítimo de Oza. Frecuencia cada 30 minutos



Estas frecuencias dos intercentros son para os días laborables. Días festivos e fins de semana redúcese.

■ AVISO IMPORTANTE

■ EN CADA HOSPITAL HAI UN RESPONSABLE DE GARDA

Durante as quendas de tarde, noite, fins de semana e festivos, hai en cada centro hospitalario profesionais de referencia para resolver calquera dúbida ou incidente que xurda. Pódense localizar a través dos teléfonos corporativos.

- Xefe da garda médica: 460951
- Supervisora de garda de enfermería/hospitalización HUAC: 460337
- Supervisora de garda de enfermería/críticos: 460273
- Supervisora de garda de enfermería/hospitalización HTH, HMO y HAL: 460279
- Encargado de quenda celadores: 460263
- Responsable de mantemento: 460244

■ IDENTIFICACIÓN DO PERSOAL E UNIFORMIDADE: NORMAS BÁSICAS

- Todo o persoal debe de ir debidamente uniformado. É preciso, a este respecto, considerar as normativas específicas de uniformidade existentes en Áreas Especiais, como son o Bloque Cirúrxico, Queimados, Salas intervencionistas, Partos, etc. Cando por calquera circunstancia o persoal teña que saír das Áreas Especiais, utilizará sempre pixama branco.
- É obrigatorio manter en lugar visible a identificación persoal na que debe constar o nome, a categoría profesional e o número de traballador.
- Existe un servizo de lavandería hospitalaria para os uniformes do persoal. Para facer uso deste servizo a roupa debe estar marcada co número de plantilla do traballador.
- É necesario o uso de medidas de barreira (luvas, batas, máscaras, etc.), seguindo sempre as indicacións do Servizo de Medicina Preventiva.

■ COMUNICACIÓN INTERNA

O seu titor/supervisor informarlle sobre os aplicativos informáticos que necesitará utilizar para o desempeño do seu traballo.

O Servizo de Informática a través do C.A.U. (Centro de Atención ao Usuario, teléfono 295429) proporcionaralle as claves de acceso.

Tamén disporá dunha conta de correo electrónico no correo corporativo. Será a través do devandito correo como nos comunicaremos con vostede polo que é importante que active a conta canto antes (C.A.U.).

■ TOMA DE CONTACTO

Na división de Recursos Humanos (RRHH) atopará a un conxunto de profesionais, que lle atenderán en todas as súas inquietudes, dúbidas ou demandas de carácter profesional.

■ CARTEIRA DE SERVIZOS DE RRHH

1. Acollida dos profesionais.

2. Comunicación e información personalizada sobre:

- Selección de persoal (fixo e temporal).
- Nomeamentos, cesamentos e xubilacións.
- Situacións administrativas.
- Normas e procedementos en materia de vacacións.
- Permisos e licenzas.
- Situacións derivadas de I.T., permiso por maternidade.
- Invalidez.
- Normativa retributiva.

- Saúde laboral.
- Desenvolvemento profesional, mobilidade interna.
- Formación.
- Calquera outra información.

3. Tramitación administrativa:

- Certificacións: experiencia profesional, de empresa, procesos I.T., permisos por maternidade.
- Entrega de documentación requirida polos Profesionais y que obran nos expedientes de Persoal.

4. Recollida e tramitación de opinións, suxestións e reclamacións.

5. Xestión dos canles de comunicación: taboleiros de anuncios.

Hai unha Intranet (acceso a través do navegador web de Internet Explorer nos ordenadores do centro) e unha páxina web do hospital á súa disposición (www.hospitalcoruna.es). Nelas observará unha ampla información sobre calidade, investigación, medio ambiente, servizos asistenciais, biblioteca, formación, noticias de interese, documentos, guías e protocolos, etc.

■ CONDICIÓN SÓCIOLABORAIS BÁSICAS

■ NORMATIVA BÁSICA

A normativa básica que regula a relación estatutaria do persoal do Hospital, está contemplada fundamentalmente pola Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, (B.O.E. nº 301, de 17 de decembro) que comprende as seguintes materias, unhas de aplicación directa e outras suxeitas a desenvolvemento:

- Clasificación do persoal estatutario
- Planificación e ordenación do persoal
- Dereitos e deberes
- Adquisición e perda da condición de persoal estatutario fixo
- Provisión de prazas, selección e promoción interna
- Mobilidade do persoal
- Carreira profesional
- Retribucións
- Xornada de traballo, permisos e licencias
- Tempo de traballo e réxime de descansos
- Xornadas parciais, festas e permisos
- Situacións do persoal estatutario
- Réxime disciplinario
- Incompatibilidades
- Representación, participación e negociación colectiva

■ QUENDAS DE TRABAJO

Existen tres tipos de quendas que regulan o horario da xornada laboral. A súa aplicación dependerá da carteleira de quenda de cada Unidade.

- Quenda fixa.
- Quenda rotatoria simple.
- Quenda rotatoria complexa.

Se por algunha situación puntual e urxente debidamente xustificada non pode acudir ao seu traballo, é necesario que se poña en contacto **canto antes** co seu superior xerárquico para posibilitar a cobertura da quenda.

■ INCAPACIDADE TEMPORAL

A ausencia ao traballo derivada dunha situación de incapacidade temporal será xustificada mediante o parte de baixa que será expedido polo seu médico de cabeceira. O parte de baixa ten que ser entregado na Secretaría de Dirección correspondente dentro dos tres días posteriores; no entanto, **non esqueza comunicalo de forma inmediata**.



PLATAFORMA FIDES

A Oficina Virtual do Profesional constitúe un punto de encontro entre o Servizo Galego de Saúde e os/as profesionais cos que manteñen unha vinculación laboral.

O obxectivo da Oficina Virtual do Profesional é o de ser unha ferramenta, accesible dende a Web, que permita, de forma áxil, rápida e sinxela, realizar os procesos de comunicación máis habituais entre o Servizo Galego de Saúde e os seus/súas profesionais.

A Oficina Virtual do Profesional está dirixida principalmente a tódalas persoas que manteñen unha relación contractual co Servizo Galego de Saúde.

Entre os obxectivos desta ferramenta podemos destacalos seguintes:

- Posibilita a comunicación directa entre os/as profesionais e o Servizo Galego de Saúde de forma on-line, adaptándose ás novas tecnoloxías
- Cubrilas necesidades funcionais demandadas polos/as profesionais dividindo estas necesidades en tarefas de consulta (consulta de datos persoais, datos económicos...) e tarefas de xestión administrativa (solicitude de modificación de datos persoais, solicitude de vacacións ou días de libre disposición...)
- Permitir o acceso a información en calquera momento e dende calquera punto da organización
- Permitir a consulta on-line das relacións económicas entre os/as profesionais e o Galego de Saúde.
- Unificar e simplificar a consulta dos datos económicos dos/as profesionais independentemente dos centros nos que traballou o/a profesional ó longo da súa vinculación laboral co Servizo Galego de Saúde.
- Implementación do sistema nun entorno seguro que identifique unívocamente o acceso á información.

■ ACCESO Ó SISTEMA

O acceso a *Oficina Virtual do Profesional* pódese facer a través de dous enfoques distintos:

- **Intranet:** Este acceso realizarase desde ordenadores situados dentro da rede do Servizo Galego de Saúde e requerirá introducir o **login** e **clave** do *Directorio Activo*, é dicir, os datos que se utilizan para acceder ós ordenadores Corporativos normalmente. A curto prazo, tamén se permitirá acceder cun certificado dixital e/ou DNIe.

Para acceder a FIDES desde un ordenador da rede do Servizo Galego de Saúde, será necesario, teclear nun navegador, a seguinte dirección:

<http://fides>



(login, clave) do Servizo Galego de Saúde

Ou acceder a través do enlace situado na intranet do Servizo Galego de Saúde

<http://intranet>

- **Internet:** Este acceso realizarase desde ordenadores situados fora da rede do Servizo Galego de Saúde e requerirá dispoñer dun certificado dixital expedido pola FNMT ou dun DNle.

<http://fides.sergas.es>



Outra opción para o acceso de FIDES a través de Internet, é mediante o enlace situado no espazo de “Profesionais” da Web do Servizo Galego de Saúde



A plataforma FIDES dispón dunha Guía de Usuario online que lle guiará na utilización da plataforma e no coñecemento das utilidades que ofrece

■ INCORPORACIÓN AO POSTO DE TRABALO

En función do centro de adscrición e da categoría profesional que desempeñe, o Servizo de Recursos Humanos poralle en contacto co responsable da súa acollida, que lle orientará na súa incorporación ao centro.

Igualmente terá á súa disposición un titor/supervisor que lle informará sobre todo o necesario para o desempeño do posto e facilitaralle a súa adaptación ao mesmo.

O seu titor/supervisor presentarlle aos compañeiros de traballo e faralle entrega dos protocolos e pautas de actuación a seguir na súa unidade.





